

PLAN PARA A MELLORA DA CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA MUNICIPAL

1º semestre 2017

Medidas a adoptar para optimizar os procedementos de
licitación pública do Concello de Ames.

ÍNDICE.

- 1 INTRODUCCIÓN
- 2 SEGUIMIENTO DA EXECUCIÓN REXISTRADA NO PERÍODO ANTERIOR (segundo semestre do exercicio 2016).
 - 2.1.- Aspectos principais.
 - 2.2.- Aspectos complementarios.
- 3 RESUMO DAS LICITACIÓNS E ADXUDICACIÓNS DO SEGUNDO SEMESTRE 2016.
- 4 PROGRAMACIÓN PARA O PRIMEIRO SEMESTRE 2017.
- 5 DIFUSIÓN DO PLAN.

1.- INTRODUCCIÓN

No mes de febreiro de 2013 foi difundido a través da páxina web municipal o “PLAN PARA A MELLORA DA CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA MUNICIPAL”, dando cumprimento así ao disposto no Plan de Axuste 2012-2022, aprobado polo Pleno do Concello de Ames en sesión do 29 de marzo de 2012.

No referido Plan de Axuste, concretamente na medida número 10, recollíase non só a previsión de que o departamento de Contratación pasara a depender da Secretaría Xeral, senón a necesidade de que dito departamento tivera un impulso inmediato, decidido e definitivo, dado o seu carácter esencial para o funcionamento da Administración Municipal.

Recollíase expresamente a previsión de elaboración dun Plan de Actuación, o denominado Plan para a mellora da contratación administrativa municipal, que sería obxecto de difusión a través da web municipal. Nese Plan, abordaríanse as licitacións pendentes e o calendario estimado para a súa licitación.

A partir dese momento son oito as programacións elaboradas e difundidas a través da web municipal (1º semestre 2013, 2º semestre 2013, 1º semestre 2014, 2º semestre 2014, 1º semestre 2015, 2º semestre 2015, 1º semestre 2016 e 2º semestre 2016).

Nas programacións recóllense non soamente as previsións senón tamén as licitacións realizadas no semestre anterior, co fin de acadar unha visión de conxunto do funcionamento do departamento.

Procede agora elaborar e difundir a programación do primeiro semestre do 2017.

2.-SEGUIMIENTO DA EXECUCIÓN REXISTRADA NO PERÍODO ANTERIOR (SEGUNDO SEMESTRE DO EXERCICIO 2016).

2.1.- Aspectos principais.

OBXECTIVO	GRAO DE CUMPRIMENTO
Obxectivo global	<p>O Plan para a mellora da contratación administrativa municipal ten como obxectivo que todas as obras, servizos, subministros e demais contratacións que precise o Concello de Ames sexan realizadas conforme ao establecido na normativa reguladora de contratos do sector público, particularmente o TRLCSP.</p> <p>Se ben o departamento de Contratación procedeu a regularizar unha parte moi importante dos obxectivos previstos inicialmente, o feito de ter que abordar tamén licitacións comprendidas en programas doutras administracións, a falta de medios</p>

	<p>persoais, as dificultades de obtención de crédito orzamentario de determinados expedientes (probablemente pola situación de prórroga orzamentaria, xa que o último orzamento aprobado é o do ano 2012), así como o feito de ter acometido no primeiro e segundo semestre 2016 unha licitación de grande envergadura como é co Ciclo Integral da Auga (CIA), teñen impedido acadar a totalidade dos obxectivos previstos no semestre anterior.</p> <p>Ao exposto anteriormente hai que engadir que nas últimas licitacións a regra xeral é o procedemento aberto, o que motiva que se presenten un elevado número de licitadores ralentizando así o procedemento de valoración de ofertas e como consecuencia a tramitación do propio expediente. Debe engadirse que, probablemente debido a situación económica actual, moitas das ofertas presentadas incorren en baixa temeraria, cuxa viabilidade debe ser valorada polos servizos técnicos e de contratación, o que trae consigo o aumento dos prazos de tramitación dos expedientes.</p> <p>Sinalar tamén que en decembro de 2015 a Deputación da Coruña aprobou uns novos pregos tipo de licitación, que deben aplicarse obrigatoriamente ás licitacións dos seus plans de obras, coa conseguinte repercusión nos expedientes municipais que tiveron que adaptarse a estes novos pregos.</p> <p>Tamén hai que ter en conta que debido a imposibilidade da transposición completa das directivas europeas en materia de contratación pública que deberían recollerse no noso ordenamento xurídico español con data límite o 18 de abril de 2016, nos atopamos co denominado " efecto directo " de distintos aspectos das directivas. Un dos aspectos que nos afecta é a esixencia da publicación en determinados contratos no Diario Oficial da Unión Europea (DOUE) co correspondente aumento dos prazos de presentación de solicitudes o que ralentiza a tramitación dos procedementos de contratación.</p>
<p>Dotación de medios para o correcto desenvolvemento do plan.</p>	<p><u>Medios materiais.</u> As previsións contidas en relación a este apartado cumpríronse estando o departamento de Contratación, na súa totalidade, dende hai meses na Casa Consistorial, integrado dende o 1 de febreiro de 2014 na Secretaría Municipal.</p> <hr/> <p><u>Medios persoais.</u> A primeira modificación que se realice da RPT deberá de reflectir o cambio funcional do departamento de Contratación, actualmente baixo a dependencia do departamento de Secretaría, e antes baixo a dependencia do departamento de Intervención (que é como está recollido na RPT). A pesares do elevadísimo volume de actividade, o departamento non conta con ningún técnico/a (ao marxe da propia secretaria), senón unicamente cun administrativo (xefe do servizo de contratación plans e subvencións) e 3 auxiliares administrativos (2 en situación de interinidad). As dotacións son manifestamente insuficientes e deberá paliarse esta carencia no primeiro momento no que sexa legalmente posible.</p>

2.2.- Aspectos complementarios.

<p>Acceso á plataforma de contratación do Estado</p>	<p>Reitéranse os mesmos argumentos que no semestre anterior en relación a esta plataforma. Debe destacarse que mediante acordo plenario do 26/12/2014 este Concello adheriuse á central de contratación da Deputación Provincial da Coruña se ben a mesma aínda non foi utilizada, por non adaptarse ás necesidades actuais do Concello.</p>
<p>Perfil do contratante</p>	<p>O concello dispón dun perfil propio con selado de tempo dende xullo de 2014, utilizado en tódalas licitacións.</p>

	10 de novembro de 2016. En fase de valoración de proposicións
Saneamento en Ventosa	Pendente de permisos sectoriais
Reparación de solados, accesibilidade e pechos do complexo de piscinas públicas municipais en Milladoiro e outras	Aprobado o expediente de licitación o 20 de outubro de 2016. En fase de valoración de proposicións.
Accesibilidade universal en edificios públicos 1ª fase	Aprobado o expediente de licitación o 29 de setembro de 2016. En fase de valoración de proposicións.
Reparación mellora casa cultura Bertamiráns	Aprobado o expediente de licitación o 22 de setembro de 2016. En fase de valoración de proposicións.

PAI 2015	
OBRA	ESTADO
Reparación interiores en Reino (Trasmonte) e outros	Asinado o contrato o 19 de agosto de 2016. En fase de execución.
Reparación interiores en Castelo (Ames)	Asinado o contrato o 24 de outubro de 2016. En fase de execución.
Reparación interiores en Pegariños e outro	Asinado o contrato o 31 de maio de 2016. En fase de execución
Melloras na EDAR do Polígono de Milladoiro. Ames	Asinado o contrato o 22 de marzo de 2016. En fase de execución.
DTC ADICIONAL 1/2014	
OBRA	ESTADO
Reparación camiño Capeáns a camiño de Covas e outro	Asinado o contrato o 24 de outubro de 2016. En fase de execución.
Reparación interiores Insua e outros	Asinado o contrato o 5 de agosto de 2016. En fase de execución.
Reparación camiño Agro do Muíño (Ortoño) e outros	En fase de clasificación de proposicións

POS ADICIONAL 1/2015	
OBRA	ESTADO
Saneamento en Lamas Costoia (Biduido)	Asinado o contrato o 8 de novembro de 2016.

PAS CONVENIOS	
OBRA	ESTADO
Obras de conexión ó polígono industrial dende a Avenida do Muíño Vello á estrada de Ventín (Milladoiro)	Asinado o contrato o 24 de agosto de 2016. En fase de execución.
Parque Travesía do Porto	Aprobado o expediente de licitación o 15 de setembro de 2016. En fase de valoración de proposicións.

PAI 2016	
OBRA	ESTADO
Reparación e acondicionamento cemiterio municipal	Aprobado o expediente de licitación o 18 de agosto de 2016. En fase de valoración de proposicións.

POS 2016	
OBRA	ESTADO
Gradas cubertas no campo de fútbol Milladoiro	Asinado o contrato o 24 de novembro de 2016. En fase de execución.
Saneamento Castrigo	Pendente autorización Augas de Galicia
Pavimentación aldea de mamoa e interiores (Tapia e Barreiro)	Aprobado o expediente o 6 de outubro de 2016. Pendente valoración de proposicións.
Camiño de Cruxeiras e entorno da Igrexa de Ames e rúa Lodeiro	Aprobado o expediente o 6 de outubro de 2016. Pendente valoración de proposicións.

CONVOCATORIA XUNTA MELLORA CAMIÑOS TITULARIDADE MUNICIPAL 2014/2015	
Mellora camiños acceso a explotacións agrarias 2016	Executada

RESUMO DAS ADXUDICACIÓNS POLO SISTEMA DE CONTRATO MENOR (art. 138.3 TRLCSP)	
EMPRESA ADXUDICATARIA	OBXECTO DO CONTRATO
Urbaser	2ª Addenda contrato xestión limpeza viaria e punto limpo
Pablo Xosé Pouso Iglesias	Estudio e informe en mateia de instalacióntra incendios en edificios de uso público
Antón Fernandez Diaz	Actuación Biribirlocke no Festival Millarock
Chévere Producciones Slu.	Actuación espectáculo de "As Fillas Bravas" no programa Cultura no Camiño 2016
Miguel Iglesias Reviejo	Actuación espectáculo "ITH, presentando novo disco Forte" no Festival Millarock
Dotbeat S.C.	Actuación do grupo AGORAPHOBIA, co espectáculo "Run baby run" no Festival Millarock
Jesús Vilouta Marcos	Desenvolvemento de actuacións de tratamentos preventivos a través de medios mecanizados en vías e camiños de titularidade municipal
Asoc. Cultural Banda De Música Municipal De Padrón	Actuación da Banda de Música municipal de Padrón nas Festas da Peregrina
Tragsa. Empresa De Transformación Agraria, S.A.	Contrato de prestación de servizos para campaña de extinción de incendios 2016
Medrando Xuntos Psicólogos S.C.P.	Contrato de servizos para desenvolvemento do Programa de Psicomotricidade educativa e preventiva curso 2016-2017

Máxima concorrencia nos procedementos negociados	<p>A regra xeral nas licitacións do Concello é a de acudir a procedementos abertos, acudindo aos procedementos negociados con carácter excepcional; en todo caso, os procedementos negociados con publicidade seguen a tramitación dos procedementos abertos, e nos negociados sen publicidade invitase a un mínimo de 5 empresas, a pesar de que a esixencia legal é de 3, salvo que circunstancias debidamente xustificadas o impidan. Mais aínda, dende hai tempo, as licitacións realizadas con procedemento negociado sen publicidade tense invitado a un total de 8 empresas, como regra xeral.</p> <p>Esta regra de máxima concorrencia permite acadar importantes baixas de licitación coa conseguinte repercusión económica para o Concello, que fai que ese aforro se destine a plans complementarios ou a redución da achega municipal, segundo o caso.</p>
Contratos marco	<p>A decisión ao respecto do emprego deste tipo de procedementos (que non son moi frecuentes na administración local), debe postergarse, ata que quede totalmente regularizada a contratación administrativa ordinaria do concello.</p>
Contratos menores	<p>Redactáronse modelos tipo para o contrato menor de obras, servizos e subministros, así como os correspondentes aos contratos privados coa fin de dar uniformidade a estes contratos.</p> <p>A través das bases de execución determinarase os importes a partir dos cales será esixible a sinatura, como requisito para a realización da correspondente prestación.</p> <p>A regra xeral neste momento é que os contratos menores se formalicen por escrito. No segundo semestre do 2016 o número de contratos menores formalizados foi de 52.</p> <p>Co fin de acadar a máxima transparencia estes contratos son publicados no Portal de Transparencia da Web Municipal e actualízanse semanalmente.</p>
Convenios colaboración	<p>Comezamos a recoller na programación de xeito separado os convenios de colaboración asinados, que durante este segundo semestre ascenderon a un total de 7, que se actualizan semanalmente e están publicados no Portal de Transparencia da Web Municipal.</p>
Outros aspectos.	<p>Desde o mes de xullo de 2013 estanse a empregar os procedementos electrónicos da plataforma SIGEM.</p>
Rexistro público de contratos	<p>Dentro das dispoñibilidades municipais, a redacción de proxectos e direccións de obra son asumidas por persoal municipal.</p> <p>Nas últimas licitacións estase a nomear formalmente, polo órgano de contratación, un responsable do contrato dentro do persoal municipal.</p> <p>Dende outubro de 2016 estase utilizando o Rexistro de Contratos do Sector Público dando cumprimento as esixencias do artigo 333 do TRLCSP.</p>

3.- RESUMO DAS LICITACIÓNS E ADXUDICACIÓNS DO SEGUNDO SEMESTRE 2016.

CONTRATOS DE SERVICIOS

CONTRATO	ESTADO
Servizo de limpeza de instalacións e dependencias municipais	1ª Prorroga aprobada en Xunta de Goberno Local do 31 de agosto de 2016
Servizo de monitoraxe na rede de comedores escolares	1ª prorroga aprobada en Xunta de Goberno Local do 31 de agosto de 2016
Desenvolvemento de actividades de prevención, promoción da saúde e dinamización de persoas maiores, (Programa Amessan)	Adxudicado en Xunta de Goberno Local do 29 de setembro de 2016.

Servizo de Escolas deportivas	Adxudicado en Xunta de Goberno Local do 6 de outubro de 2016
Servizo para a colaboración na xestión tributaria, censual, inspectora e recadatoria	1ª prórroga aproba en Xunta de Goberno Local do 6 de outubro de 2016
Servizo de tesourería e recadación das taxas polos servizos públicos de abastecemento de auga potable, saneamento, depuración de augas residuais e recollida, traslado, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos.	1º Licitación: Aprobada en Xunta de Goberno Local o 29 de setembro de 2016. Declarada deserta en XGL do 17 de novembro de 2016-
	2º Licitación: Aprobada en Xunta de Goberno Local de 24 novembro 2016. Clasificación en XGL do 29 de decembro de 2016.
Servizo de lacería, canceira, recollida e incineración de cadáveres animais abandonados/ perdidos	Aprobado o expediente de licitación en Xunta de Goberno Local do 24 de novembro de 2016. Declarado deserto en Xunta Goberno Local do 22 de decembro de 2016.
Servizo de Escolas Culturais	Clasificación en Xunta de Goberno Local o 22 de decembro de 2016.
Servizo Axuda no Fogar (SAF)	Aprobado o expediente de licitación en Xunta de Goberno Local do 22 de decembro de 2016.

CONTRATOS DE XESTIÓN DE SERVIZOS PÚBLICOS

Licitación ciclo integral da auga (CIA)	Clasificadas ofertas en sesión plenaria do 24 de novembro de 2016. Pendente adxudicación.
Xestión de limpeza viaria e do punto limpo	1ª prórroga aprobada en sesión plenaria de 29 de setembro de 2016.

CONTRATOS DE OBRAS

POS 2015	
OBRA	ESTADO
Reposición da sinalización horizontal nos núcleos de Bertamiráns e Milladoiro	Asinado o contrato o 24 de agosto de 2016. En fase de execución.
Reparación das instalacións do club de piragüismo Ribeiras do Tambre	Asinado o contrato o 15 de setembro de 2016. En fase de execución.

PAS 2015	
OBRA	ESTADO
Saneamento no núcleo de Portanxil	Aprobado o expediente de licitación o 3 de novembro de 2016. En fase de valoración de proposicións.
Parques biosaludables en Milladoiro e Bertamiráns	Aprobado o expediente de licitación o

Bmrvending S.L.	Contrato para instalación de máquina expendedora no Centro de Servizos Múltiples de Aldeanova
Bmrvending S.L.	Contrato para instalación de máquina expendedora no Centro de Formación e Emprego do Concello de Ames
Producións Teatrais Talía S.L.	Representación da obra de teatro "Foucellas" no programa de teatro e títeres para compañías profesionais.
Pérez&Fernández	Representación da obra de teatro "O Poder de Amabel" en Bertamiráns, o 7 de outubro ás 10h, dentro do programa AGADIC 2016 2º semestre.
Pérez&Fernández	Representación da obra de teatro "O Poder de Amabel" en Bertamiráns, o 7 de outubro ás 12:30h, dentro do programa AGADIC 2016 2º semestre.
Pérez&Fernández	Representación da obra de teatro "O Poder de Amabel" en Bertamiráns, o 7 de outubro ás 18:30, dentro do programa AGADIC 2016 2º semestre.
Gali-Rent A Car S.L.	Aluguer vehículo matrícula 4176 JHX
Sistemas De Seguridad 8x8 S.L.	Instalación e mantemento de alarma de seguridade para gardaría A Galiña Azul de Bertamiráns
Ghazafelhos, S.C.	Representación da obra de teatro "Rubicundo" no Milladoiro, o 4 novembro, 12.30h, dentro do programa AGADIC 2016
Ghazafelhos, S.C.	Representación da obra de teatro "Rubicundo" no Milladoiro, o 4 novembro, 18.30h, dentro do programa AGADIC 2016
Serviplus total SL	Contrato menor do Servizo de Actividades de Escolas Deportivas municipais
Asociación Deportiva Basquet Ames	Contrato menor administrativo para o desenvolvemento da Escola Deportiva municipal de Baloncesto no Milladoiro e Bertamiráns
Milladoiro Sociedad Deportiva	Contrato menor administrativo para o desenvolvemento da Escola Deportiva municipal de Fútbol Sala no Milladoiro
Fútbol Club Meigas	Contrato menor administrativo para o desenvolvemento da Escola Deportiva municipal de Fútbol Sala Feminino no Milladoiro e Bertamiráns
Club Patinaxe Artística Omega	Contrato menor administrativo para o desenvolvemento da Escola Deportiva municipal de Patinaxe Artística no Milladoiro
Club Voleibol Bruxas	Contrato menor administrativo para o desenvolvemento da Escola Deportiva municipal de Voleibol, en Bertamiráns
Club Deportivo Millarengo Cultura	Contrato menor administrativo para o desenvolvemento da Escola Deportiva municipal de Xadrez no Milladoiro e Bertamiráns
Chévere Producciones, S.L.	Representación da obra de teatro "Eroski Paraíso" en

	Bertamiráns, o 11 de novembro de 2016.
Club De Patinaxe Sarela	Contrato menor administrativo para o desenvolvemento da Escola Deportiva municipal de Patinaxe Artística en Bertamiráns
Bertamiráns Fútbol Club	Contrato menor administrativo para o desenvolvemento da Escola Deportiva municipal de Fútbol Sala en Bertamiráns
Asociación Cultural Trópico de Grelos	Contrato privado de representación artística do espectáculo "Magosto" en Bertamiráns, o 12 de novembro, dentro do programa Rede Cultural da Deputación da Coruña.
Abarajar Producciones s.c.	Contrato privado de representación artística do espectáculo "Gala Máxica Internacional" no Milladoiro, o 27 de novembro, dentro do programa Rede Cultural da Deputación da Coruña.
Produccións Teatrasi Excéntricas, s.l.	Contrato privado de representación artística da obra de teatro "os amores de Jacques o fatalista", no Milladoiro, o 18 de novembro 2016
Redrum Producciones s.l.	Contrato privado de representación artística da obra de teatro "Noiteboa", no Milladoiro, o 16 de decembro 2016
Alberto Figueiras Rama. Compañía Luis Vallecillo e a Banda do cuberto	Contrato privado de representación artística do espectáculo "O bigote de Mimi", en formato concerto, Bertamiráns, o 29 de decembro 2016
Iluminaciones Santiaguesas, s.l.	Contrato menor de subministro para iluminación pública no Nadal 2016 .
Odaiko Krea, s.l.	Contrato privado de representación artística do espectáculo "Invención", Milladoiro, o 28 de decembro 2016
Pistacatro Productora de Soños sl	Contrato privado de representación artística do espectáculo "UP2down", de Trapediante, Bertamiráns, o 27 de decembro 2016
Kukkas Producciones Artísticas, sl.	Contrato privado para representación da obra de teatro infantil "O encora enmeigado" no Milladoiro, o 2 de xaneiro de 2017.
Compañía Educa Teatro Producións (Alexandre Vazquez Lorenzo)	Contrato privado de representación artística do espectáculo "Carapuchiña Vermella", Milladoiro, o 26 de decembro 2016
M. Caeiro	Compra vehículo destinado á Brigada de Obras e Servizos

CONVENIOS DE COLABORACIÓN

ENTIDADES PARTICIPANTES	OBXECTO DO CONVENIO
Concello de Ames e Deputación da Coruña	Convenio Deputación da Coruña Rede Cultural 2016
Concello de Ames e a Consellería do Medio Rural	Convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Ames para a

	participación na prevención e defensa contra incendios forestais (2016, 2017 e 2018)
Concello de Ames e o Servizo Galego de Saúde	Convenio de cooperación entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Ames para a execución das obras de construción do novo centro de saúde do Milladoiro
Concello de Ames e o CIFP Compostela	Convenio específico para o desenvolvemento da formación en centros de traballo
Concello de Ames e a Unión de Consumidores de Galicia	Convenio para o desenvolvemento de actuacións no eido do consumo entre o Concello de Ames e a Unión de Consumidores de Galicia
Concello de Ames e o Consorcio Galego de Benestar	Addenda ao Convenio para a cesión de uso de un local do Concello de Ames
Concello de Ames e Banco de Alimentos Rias Altas	Convenio colaboración Banco de Alimentos Rias Altas e Concello de Ames

4.- PROGRAMACIÓN PARA O PRIMEIRO SEMESTRE 2017.

Reprodúcese a continuación a relación dos expedientes de contratación cuxo inicio se prevé que se produza dentro do primeiro semestre do ano 2017.

CONTRATOS DE SERVIZOS

Servizo Lacería	xaneiro
Servizo integral de limpeza por lotes	xaneiro
Comedores escolares	xaneiro
Voz e datos	febreiro
Bos días cole	febreiro
Tardes divertidas	febreiro
Cementerio	marzo
Catering Escola de Verán	marzo
Control de Pragas e lexiónela	marzo
Mantemento Rede Semafórica	abril
Escolas culturais	abril
Psicomotricidade	abril
Control de tempo de presenza	abril
Seguridade (Incendios e Intrusión)	maio
Xestión cafetería Casa da Cultura de Bertamiráns	maio
Contrato de servizos enerxéticos	xuño
Servizo de asistencia xurídica e letrada en xuízo	xuño
Servizos Control facturación de subministros eléctricos	xuño

CONTRATOS DE SUBMINISTROS_

Subministro material papelería	maio
Subministro de gas	xuño
Subministro alimentos comedores escolares	xuño

CONTRATOS DE OBRAS

POS + 2017

O Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) publicado no BOP do 29 de novembro de 2016 ten un prazo de solicitude ata o 24 de febreiro de 2017, polo que neste momento esta aínda pendente de programación ascendendo a achega provincial a contía total de 1.560.387,54 euros.

PAS ADICIONAL 2015

OBRA	ESTADO
Accesibilidade universal en edificios públicos 2ª fase	Pendente aprobación definitiva do plan pola Deputación Provincial
Instalación dun novo pavimento deportivo no pavillón polideportivo de Bertamiráns	Pendente aprobación definitiva do plan pola Deputación Provincial

POS ADICIONAL 1/2016

OBRA	ESTADO
Saneamento no núcleo de Susavila de Carballo	Pendente de executar POS principal
Camiño Augapesada a Capela de San Xoanciño (Ames) e outro	Pendente de executar POS principal
Camiño de Oca a Igrexa	Pendente de executar POS principal

Non entanto, sendo esta a previsión de programación, a mesma pode experimentar variacións en base ás necesidades e prioridades de cada momento.

5. DIFUSIÓN DO PLAN.

De acordo co previsto no Plan de Axuste, o presente Plan, así como o seguimento da súa execución, serán obxecto de publicación na páxina web do Concello.

Ames, 29 de decembro de 2016

O alcalde



José M. Miñones Conde